



## Información Médica

**Todos os días de 12:00 a 14:30 horas;** as fins de semana e festivos informarase só cando se teña que transmitir información importante sobre o neno/a.

## Acompañamento

Pais, nais e titores dos neonatos, as 24 horas do día. A partires das 22.30 horas, só un acompañante.



## Horario de visitas


**Pais ou titores:** acceso permitido as 24 horas do día.

**Resto de visitas:** de 20 a 20:15 horas.

O horario da visita e a súa duración poden ser alterados en función das necesidades asistenciais que existan na Unidade. Nese caso, deberá seguir as instrucións do persoal.

UNIDADE DE  
NEONATOLOXÍA  
CUIDADOS INTENSIVOS  
NEONATAIS

INFORMACIÓN PARA  
AS FAMILIAS



UCIN: 986 82 56 70

C. Intermedios: 986 82 56 60



## Presentación

A **Unidade de Neonatoloxía** atópase situada na **4ª planta do hospital Álvaro Cunqueiro**, formando parte do **bloque técnico**, á altura da **vela F**.

Conta con dúas zonas diferenciadas segundo os cuidados que se necesiten proporcionar aos recentemente nados:

- **Cuidados Intensivos Neonatais (UCIN):** 16 berces
- **Cuidados Intermedios Neonatais:** 26 berces

~ Trátase dunha unidade aberta aos pais, nais e titores legais dos nenos ingresados, polo que **poderán acompañalos durante as 24 horas do día**, agás a partires das 22.30 h, que se recomenda un acompañante por neno/a.

~ Interésanos a **saúde e o benestar do seu fillo/a** mentres permaneza no hospital, se hai algo importante que debamos coñecer debe comunicárnolo.

~ Prégase a súa colaboración e que  **siga** en todo momento **as indicacións do persoal** da Unidade.



## Funcionamiento da Unidade

- ~ Todo/a neno/a nado é explorado e valorado por profesionais da Unidade de Neonatoloxía.
- ~ Na Unidade fomentamos os **cuidados pel con pel (Método Canguro) e a lactación materna**. A nai, o pai ou titor pódennle dar as tomas de alimentación (tanto diurna como nocturna), sempre que o estado do recentemente nado o permita.
- ~ Dispón dun dispensador de solución hidroalcohólica, para a **desinfección de mans** antes de acceder á unidade e coller ou acariñar os nenos.
- ~ O tempo que pase co seu fillo/a debe estar centrado nas súas necesidades, **evite interaccións externas** neses momentos, **pregamos non use o teléfono móbil e mantéñao en silencio**.
- ~ É importante que estea **localizábel permanentemente**, polo que deberá facilitarnos un **teléfono de contacto**.
- ~ Se vostede ou algún familiar padece **gripe ou unha enfermidade contaxiosa**, non poderá visitar o seu neno/a ata a súa curación.
- ~ No caso de que os **irmáns do neno/a** desexen visitalo, **deberá pedir autorización** á supervisora da unidade. Lembre que non é aconsellábel que nenos de menos de 12 anos acudan ao hospital.
- ~ Está **prohibido comer** dentro da unidade.



## Outra información de interese

### Consentimento Informado

As actuacións médicas requiren que o/a pediatra responsábel do cuidado do seu fillo/a, o informe das diferentes actuacións e intervencións que se vaian realizar, de xeito que vostedes con toda a información recibida, estean en disposición de consentir nas intervencións médicas que requira a saúde do seu fillo.

### Alta

Cuando o seu fillo/a estea en condicións de recibir a alta, serán avisados con suficiente antelación. O médico responsábel entregará un informe que deberán entregar ao seu pediatra, serán advertidos se é necesario que acudan a novas revisións ou se o seguimento se realizará polo seu pediatra no centro de saúde. A enfermeira responsábel dos cuidados do seu fillo/a facilitarálle tamén o informe de recomendacións á alta, que deberá entregar á enfermeira de pediatría.

### Suxestións ou Reclamacións

Se desexa facer algunha suxestión ou reclamación, acuda ao servizo de atención ao usuario na planta 0 do hospital. O **horario de atención ao público é de 9 a 14 horas**.